



DOCENCIA NON PRESENCIAL E TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

A docencia non presencial, a través das ferramentas informáticas da Universidade, pode implicar o tratamento de datos persoais. Ante esta situación, neste documento infórmase sobre diversas cuestións de interese tanto para o profesorado como para o alumnado, en relación co cumprimento de normativa de protección dos datos persoais.

Base de lexitimación

Os tratamentos de datos persoais no desenvolvemento das actividades docentes a distancia poden ter a súa base de lexitimación nos apartados c) e e) do artigo 6.1 do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd): prestación do servizo público de educación superior segundo establece a LOU (misión en interese público, apartado e)) e normativa que estableza as actividades docentes a distancia (obriga legal, apartado c)).

Os métodos docentes con especial incidencia nos datos persoais son as videoconferencias nas que poden aparecer imaxe e/ou voz de docentes e/ou estudantes, e que ademais poderían ser gravadas. Estes tratamentos de datos persoais deben ser realizados atendendo aos principios recoñecidos polo RXPd, fundamentalmente OS PRINCIPIOS DE LIMITACIÓN DA FINALIDADE, DE MINIMIZACIÓN, E DE INTEGRIDADE E CONFIDENCIALIDADE: os datos serán empregados con fins determinados, explícitos e lexítimos (art. 5.1.b) RXPd); serán adecuados, pertinentes e limitados ao necesario en relación cos fins para os que son tratados (art. 5.1.c) RXPd); e serán tratados de forma que se garanta unha seguridade adecuada (art. 5.1.f) RXPd).

Gravación de sesións docentes

A indicada base de lexitimación (arts. 6.1.c) e e) RXPd) permitiría non só a visualización senón tamén a gravación das sesións docentes. A esta cuestión referíase un Informe da AEPD previo á situación de crise sanitaria da COVID-19 (Informe 10601/2019), ao cal se remite o posterior Informe da AEPD 36/2020.

En relación coa gravación da sesión feita polos propios docentes, a AEPD di que “puede ser conveniente o incluso necesaria (por exemplo, en universidades a distancia) para el ejercicio de la función educativa, cuyo fundamento se encontraría igualmente en el artículo 6.1.e), debiendo limitarse su acceso al personal docente y a los alumnos a los que vaya dirigida, sin que pueda ser utilizada ulteriormente para otros fines, como su divulgación pública, que requeriría del consentimiento expreso de los afectados”.

En relación coa gravación da sesión por parte dos estudantes, a AEPD indica: “En cuanto a la grabación de la sesión por los alumnos presentes en la sesión docente,



debería identificarse la finalidad concreta de dicha grabación, que requerirá, en todo caso, del consentimiento del docente, así como del resto de los alumnos si su imagen o su voz pudieran ser objeto de grabación”.

Proxectando estas manifestacións da AEPD a situacións de exclusividade de docencia a distancia, e tendo en conta os principios en materia de protección de datos, podería concluírse que:

- A indicada base de lexitimación permite a **gravación das sesións docentes por parte do profesorado**, sen necesidade de que os/as estudantes presten o seu consentimiento. Ante o feito de que parte da docencia só poderá desenvolverse a distancia, as funcións da gravación das sesións serían: ofrecer a posibilidade de visualización como formación asíncrona, garantir accesibilidade aos/ás estudantes que non se puideran conectar; e constituír material de estudo.

Non obstante, este tratamento de datos persoais esixe facilitar a información pertinente ás persoas afectadas (como se indica posteriormente neste documento); á marxe das obrigas xerais neste ámbito, sería necesario informar tamén de que a sesión vai ser gravada polo docente, de tal forma que os/as estudantes poidan desactivar a cámara e/ou o micrófono e intervir a través do chat (PRINCIPIO DE MINIMIZACIÓN DE DATOS).

Cando inicia unha sesión docente, o profesorado pode configurar a videochamada para impedir que os asistentes poidan efectuar a gravación (Pode consultarse unha explicación detallada en relación coa configuración das videochamadas en <https://www.udc.es/gl/covid-19/teleformacion/>, no apartado de Comunicación e interacción; pode verse tamén a configuración de roles en Teams en <https://support.microsoft.com/es-es/office/roles-en-una-reuni%C3%B3n-de-teams-c16fa7d0-1666-4dde-8686-0a0bfe16e019>).

- En canto á **gravación das sesións docentes por parte do alumnado**: Tendo en conta os caracteres da base de lexitimación indicada e as funcións que cumpre a gravación de sesións docentes a distancia, só concorrería tal base de lexitimación (permitindo a gravación por parte do alumnado) no caso de sesións docentes que conteñan elementos esenciais do temario da materia e que non estean dispoñibles por outra vía. Polo tanto, ao inicio da sesión (e na guía docente), o profesorado tería que indicar cales son as fontes ou recursos onde o alumnado pode encontrar o material de estudo que vai ser obxecto de tratamento na sesión. Ante a existencia deste material, só procedería a gravación se todas as persoas afectadas prestasen o seu consentimiento, tendo en conta que deben empregarse os mecanismos que supoñan unha menor intromisión nos datos persoais.

Visualización e uso das gravacións:

- As gravacións deberanse empregar exclusivamente para a finalidade docente no ámbito da concreta materia afectada, o cal implica que (PRINCIPIO DE LIMITACIÓN DA FINALIDADE):

1. Só poden ser visualizadas nas canles propias da Universidade.



2. Deben empregarse as ferramentas informáticas institucionais da UDC.

3. Non é posible reutilizar, compartir ou difundir as sesións gravadas, salvo que concorra o consentimento das persoas afectadas ou outra posible base de lexitimación. As/os docentes só poderán reutilizar este material cando apareza unicamente a súa voz e/ou imaxe, non a de estudantes ou terceiras persoas, dado que pode atentar contra os dereitos á protección de datos persoais, á propia imaxe, e á propiedade intelectual das persoas implicadas, e podería dar lugar á esixencia de responsabilidades legais, de carácter administrativo, civil ou penal.

- É responsabilidade de todas as persoas que interveñen na videochamada configurar o seu espazo para evitar a afectación da intimidade ou datos persoais de terceiras persoas.

Exercicio do dereito de oposición a ser gravado

Aínda que nos casos descritos exista base de lexitimación para efectuar gravacións sen necesidade de acudir ao consentimento dos interesados, isto non impide que a persoa afectada poida exercer o dereito de oposición. É importante ofrecer a información previa en materia de protección de datos, para que o dereito de oposición poida exercerse con anterioridade á gravación e se canalice a través da desconexión da cámara e do micrófono. Obviamente isto non impediría un posible exercicio posterior do dereito de oposición, se ben hai que ter en conta que, atendendo á base de lexitimación deste tratamento de datos (interese público: prestación do servizo público de educación superior) e ao artigo 18 RXP, a solicitude de exercicio do dereito de oposición só sería estimada en situacións excepcionais e xustificadas.

Conservación

As sesións docentes gravadas han de manterse dispoñibles na correspondente canle da Universidade durante o curso académico para o que son necesarias, a non ser que formen parte das evidencias de avaliación dos estudantes; neste último caso deben conservarse durante o tempo previsto na normativa de avaliación. (PRINCIPIO LIMITACIÓN DA FINALIDADE).

Con posterioridade, debería conservarse copia bloqueada por se fora necesaria para o eventual cumprimento de responsabilidades legais.

Obriga de facilitar información

O organizador da videochamada (tanto se é gravada como se non) ten que informar aos participantes das cuestións preceptivas en materia de protección de datos:

- Responsable do tratamento
- Finalidade do tratamento de datos



- Base de lexitimación
- Dereitos
- Prazo de conservación

En relación coas sesións docentes, habería que informar tamén de:

- se a sesión vai ser gravada, para que o estudante poda escoller se desconecta a cámara e/ou o micrófono;
- que as persoas deben configurar o seu espazo para evitar a afectación da intimidade ou de datos persoais de terceiras persoas;
- que non é posible reutilizar, compartir ou difundir as sesións gravadas salvo que concorra o consentimento das persoas afectadas ou outra posible base de lexitimación. A reutilización ou difusión podería atentar contra os dereitos á protección de datos persoais, á propia imaxe e á propiedade intelectual das persoas implicadas, e podería dar lugar á esixencia de responsabilidades legais de carácter administrativo, civil ou penal. As/os docentes só poderán reutilizar este material cando apareza unicamente a súa voz e/ou imaxe, non a de estudantes ou terceiras persoas.

Esta información debería aparecer:

1. No momento de iniciar unha videoconferencia ou no momento de aloxar un vídeo.
2. Na Guía docente, no caso de que se empreguen modalidades de docencia a distancia que teñan incidencia na protección de datos persoais.

Con carácter xeral, para facilitar esta información pode empregarse a Táboa “Información sobre visualización e gravación de sesións docentes e protección de datos persoais”:

https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/covid19/.